

VENRES, 25 DE FEBREIRO DE 2022 VIERNES, 25 DE FEBRERO DE 2022 | BOP NÚMERO 39

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego e Igualdade

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscrición e publicación do acordo de ampliación da ultraactividade do Convenio colectivo do sector de hostelería da provincia da Coruña

Con data 28 de outubro de 2021 tivo entrada no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, a solicitude de inscrición do acordo de ampliación da ultraactividade do Convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña (código de convenio 15000745011981 e publicado no BOP da Coruña núm. 135, do 18 de xullo de 2017), acadado na reunión do día 26 de outubro de 2021 ó abeiro dun acordo extrajudicial de conflitos de traballo (AGA).

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE núm. 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG Núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

Considerando que a Xefatura Territorial de Emprego e Igualdade da Coruña é competente para resolver a inscrición da acta deste acordo, segundo o disposto no decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190, do 18 de setembro de 2020) e no artigo 57 en consonancia co artigo 28 do Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG núm. 253, de 17 de decembro de 2020).

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. A inscrición da acta do acordo do día 26 de outubro de 2021 de ampliación da ultraactividade do Convenio colectivo do sector de hostelería da provincia da Coruña co código de convenio 15000745011981 e publicado no BOP da Coruña núm. 135, do 18 de xullo de 2017.

2. A remisión da acta do acuerdo do día 26 de outubro de 2021 de ampliación da ultraactividade do Convenio colectivo do sector de hostelería da provincia da Coruña co código de convenio 15000745011981 e publicado no BOP da Coruña núm. 135, do 18 de xullo de 2017, ó Boletín Oficial da provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 22 de febreiro de 2022

A xefa territorial de Emprego e Igualdade

Judit Fontela Baró

ACTA EXPEDIENTE AGA 4/2020

En Santiago de Compostela, sendo as 16:00 horas do día 26 de Outubro de 2021, reúnense as persoas a continuación relacionadas, ao efecto de substanciar o expediente do AGA 4/2020 referente ao bloqueo na negociación do convenio colectivo do sector de Hostelería da provincia de A Coruña. Esta é a segunda xuntanza logo da desenvolvida o pasado día 28 de Xaneiro de 2020.

PARTE EMPRESARIAL

- Ramón García Seara (Asociación Hostelería Compostela)
- Marcos Castro Santa Cruz (Asociación Provincial Hostelería Coruña)
- Carlos Rodríguez Núñez (Asociación Provincial Hostelería Coruña)
- Andrea Díaz Rodríguez (Asociación Provincial Hostelería Coruña)
- Carlos Cruzado Maqueda (HOSPECO y UHC)
- Esteban Iglesias Martínez (Unión Hotelera Compostela)
- Emilio Vázquez Rey (Asociación empresarios Ferrol y comarca)

PARTE SINDICAL

- José Francisco Mirás Pérez (CCOO)
- Noemí Villapol García (CCOO)
- Susana Blanco Lavandeira (UGT)
- Roberto Alonso Iglesias (CIG)
- María do Tránsito Fernández Fernández (CIG)
- Javier Rodríguez Veiga (CIG)
- Carlos Varela Souto (CIG)

Asiste á xuntanza en calidade de mediador Don Demetrio Fernández López, integrante do rexistro de mediadores/árbitros do AGA, así como Cristina Fabeiro Varela, Secretaria do CGRL.

Logo dun intercambio inicial de pareceres, dun intenso e fructífero debate e feito o correspondente recesso, as dúas partes chegan ao seguinte **ACORDO**:

1º Atopándose próximo o fin da vixencia expresa do convenio colectivo provincial, como proba de boa fé negocial polas dúas partes, e para garantir una negociación axeitada e sosegada do mesmo, acórdase una prórroga expresa da ultraactividade do convenio colectivo do sector de hostelería da provincia da Coruña, recollida no seu artigo 4º, ata o 31 de marzo de 2022.

2º Delegase no persoal habilitado do CGRL a realización dos trámites de depósito, rexistro e publicación do presente acordo perante a Autoridade laboral competente.

3º De cara á continuación da negociación do convenio colectivo do sector, as dúas partes acordan celebrar unha vindeira xuntanza o día 16 de novembro de 2021, ás 16.00 horas, na sede do CGRL. Esta negociación continuará coa tramitación dun novo expediente de mediación, baixo o número que asigne o servizo de solución de conflitos do CGRL e coa mesma persoa mediadora, someténdose neste acto ambas partes ao mesmosas mesmas condicións que deron lugar ao expediente 4/20.

Non tendo mais asuntos que tratar, se levanta a xuntanza, sendo as 18:00 horas, no lugar e data supraindicados, asinando todos os asistentes a presente acta, en presenza do mediador e da Secretaria do CGRL, en proba de conformidade.